



### MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE TRABALLOS DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DO PROXECTO LIFE14 CCA/ES/000489 LUGO+BIODINÁMICO. PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA" COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE O INSTRUMENTO FINANCEIRO LIFE 2010-2020 (ACCIÓNS A2, E1, E2, E3, E4 e E5).EXPTE REF. 4-2018. ACTA LECTURA DE INFORME TÉCNICO E APERTURA SOBRE C.**

Sendo as 13 horas do día 26 de abril de 2018, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Asesor Xurídico.
- dona María Baza Poudereux, pola Intervención Municipal.
- dona Susana Penedo Souto, Arquitecto Municipal .
- dona Ana Tabarés Martínez, Técnica do Servizo de Contratación actuando como Secretaria da mesa.

Asiste a este acto Manuel Vilán, en representación de Galicia Comunicación GYC, S.L..

O Presidente da lectura ao informe técnico emitido pola Arquitecto Dona Susana Penedo sobre valoración do sobre B, do teor literal seguinte:

**"INFORME EN RELACIÓN ÁVALORACIÓN DO SOBRE B DALICITACION DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE TRABALLOS DE COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DOS RESULTADOS DO PROYECTO LIFE 14 CCA/ERES/000489 LUGO+BIODINAMICO. PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA" COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE O INSTRUMENTO ORZAMENTARIO LIFE 2010-2020 (ACCIÓNS A2, E1, E2, E3, E4 E E5)**

Preséntanse tres mercantís á licitación cuxos sobres B son os que se examinan.

- 1.- QUATTRO INDUSTRIA DESTILADORA DE CREATIVIDAD PUBLICITARIA S.L:
- 2.- GALICIA COMUNICACIÓN GYC, S.L:



**3.- UTE: STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L. Y SMART OUTSOURCING:**

**PRIMEIRO:**

**EXAMEN DO CONTIDO DO SOBRE B**

**-O SOBRE B -PROPOSTA TÉCNICA RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLESMEDIANTE XUÍZO DE VALOR** - conterá toda a documentación técnica necesariapara a valoración das proposicións presentadas de acordo cos criterios avaliiablesmediante xuízo de valor que se indican na apartado 12.2 da cláusula décimosegunda deste prego de cláusulas administrativas particulares:

**Para proceder á avaliación deste apartado as empresas deberán achegardentro deste sobre B unha PROPOSTA TÉCNICA que cumprirá os seguintes requisitos en canto a forma e contido:- Forma de presentación da proposta técnica:**A extensión deste documento non será superior a trinta (30) páxinas (incluíndoportada e contraportada) DIN A-4, usando tipografía TimesNew Roman contamaño de letra 12 puntos e interliñado sinxelo, escrito en procesador de texto:

Presentarase en papel, e unha copia en formato informático (CD-ROM, DVD ouMemoria USB) cun único arquivo en formato PDF. Todas as páxinas deberán innumeradas, con separadores entre os apartados:

**Non se avaliará a documentación que exceda este número de páxinas máximo:**

**- Contido da proposta proposta técnica:**

-Cronograma estimado para a execución dos traballos:

-Proposta de seguimento, control e xestión da execución dos traballos da asistenciaexterna. Estimación de resultados mínimos a obter durante a execución do servizo e xustificación desta estimación:

- Análise do grupo/s obxectivo/s proposto para a planificación dos traballos exustificación da súa selección:

-Proposta para a realización dos traballos, xustificación dos formatos e soportesleccionados para os contidos, tipoloxía de deseños a implementar, bocetosgráficos e estratexia de comunicación a aplicar. O deseño preliminar do standinformativo e do agasallo a ofertar e a estratexia de dinamización das redes sociais, da web e aplicacións asociadas, así como os contidos que incorporarán:

-Sistema de coordinación entre os diferentes medios e actividades a realizar.

-Proposta de sostibilidade: Mecanismos para conseguir reducir a pegada de carbono durante o desenvolvemento do servizo, como o uso de materiais reciclados/reciclables, tipos de impresión e certificacións empregadas para os materiais e produtos xerados durante o servizo.

**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C dentro do sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.**



Examinada a documentación contida en cada proposta cabe sinalar que as tres mercantís presentan os puntos anteditos aínda que facendo constar dúas observacións:

1º- O cronograma da mercantil **1 QUATTRO INDUSTRIA DESTILADORA DE CREATIVIDAD PUBLICITARIA S.L.**: sinala que será igual ó proposto no prego, non achega un novo.

2º- A mercantil **3 UTE: STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L. Y SMART OUTSORCING**, achega documentación que debe estar incluída no sobre C:

Páxina 12 - número de boletíns e número de folletos divulgativos.

Páxina 13 - número de libros Life Lugo+Biodinámico.

Páxina 14.- número de publirreportaxes / cuñas de radio / spots televisivos.

Páxina 18.- número de actos de barrio.

Páxina 22.- número de paneis.

## SEGUNDO

### VALORACIÓN DOS CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA - Punto 14.1

#### **14.1. CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA – 30 puntos**

*Os criterios non avaliados automaticamente que serán obxecto de ponderación son os que a continuación se indican coa puntuación máxima parcial establecida.*

##### **14.1.1. Proposta técnica (De 0 a 30 puntos).**

*-Valorarase o plan estratéxico de actuación, a integración de todas as actividades das accións descritas no obxecto do prego. Atenderase á calidade das solucións achegadas polo licitador, o impacto estimado das medidas propostas, e o grao de detalle e claridade coa que se estableza o plan estratéxico de comunicación para conseguir un maior impacto social.*

*Valorarase tamén a identificación e definición dos grupos obxectivo. O deseño e bocetos gráficos presentados na memoria. O deseño preliminar do stand informativo e do agasallo a incluír co xornal. Terase ademais en consideración a orixinalidade e versatilidade da proposta en relación cos obxectivos e accións do proxecto LIFE LUGO+BIODINÁMICO e a loita fronte ao cambio climático (De 0 a 25 puntos).*

*-Sostibilidade: Neste apartado valoraranse os esforzos da entidade licitadora por reducir a pegada de carbono e polo tipo de materiais a empregar no servizo: reciclados, reciclables, respectuosos co medio ambiente,... (De 0 a 5 puntos)*

Examinadas as propostas e seguindo o esquema dos conceptos a valorar achegase a seguinte táboa de valoración.

### VALORACION DO PLAN ESTRATÉXICO DE ACTUACION (PEA).



## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: Acta SOBRE C

Asunto: acta sobre c

### MERCANTIL 1

O PEA, ten integración entre as accións propostas de difusión pero partindo de esquemas xeneralistas e polo tanto cun detalle medio, correlativo coa xustificación do impacto. A identificación dos grupos obxectivos é moi pormenorizada e profusa.

O stand é moi orixinal e identificativo así como versatil.

O agasallo contén o espírito do proxecto, orixinalidade e versatilidade.

### MERCANTIL 2

Ten moi boa integración entre as accións propostas de difusión, expostas dunha forma clara e moi detallada o que xustifica o impacto previsto. A identificación dos grupos obxectivos e xeneralista.

O stand é versátilaínda que pouco identificativo.

O agasallo e moi axeitado contendo o espírito completo do proxecto así como o lema proposto para a promoción.

### MERCANTIL 3

Ten unha moi boa integración entre as accións de difusión entre elas e ademais coas accións do resto do proxecto e expón a proposta dunha forma moi clara e detallada polo que xustifica dun xeito moi axeitado o impacto previsto. A identificación dos grupos obxectivos e xeneralista.

En canto ó stand é relativamente versátil pero pouco orixinal .

O agasallo so representa a unha parte das accións do proxecto.

Por todo o exposto valórase como

A mellor proposta en conxunto a mercantil 3 con 25 puntos.

A segunda mellor proposta a mercantil 2 con 24 puntos

A terceira mellor proposta a mercantil 1 con 22,5 puntos

### VALORACION DA SOSTIBILIDADE

Valórase con 5 puntos á mercantil 3 porque tanto o que sinala na proposta como a propia proposta evidencia o entendemento completo da sostibilidade.

Valórase con 4,5 puntos á mercantil 1 posto que ademais da proposta axeitada específica de sostibilidade incluso o deseño ten criterios de economía sostible.

Valórase con 4 puntos á mercantil 2 por unha boa proposta de sostibilidade.

### TABOA RESUME

mercantil	plan estratéxico de actuación (PEA) (0-25)	sostibilidade (0-5)	totais
1.- QUATRO INDUSTRIA DESTILADORA DE CREATIVIDAD PUBLICITARIA S.L.	22,50	4,50	27,00
2.- GALICIA COMUNICACIÓN GYC, S.L.	24,00	4,00	28,00
3.- UTE: STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L. Y SMART OUTSORCING	25,00	5,00	30,00

E todo canto cabe informar salvo mellor criterio baseado en dereito”.

Ségundo ó exposto no informe de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor, á mercantil **STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L.**, presenta no sobre B información correspondente ao sobre C relativa a criterios avaliábles automaticamente.

Conforme ao disposto na cláusula DÉCIMA dos pregos que rexen a licitación, "*A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C dentro do sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.*", polo tanto, a **Mesa de Contratación** acorda proceder a **excluir a dita empresa do procedemento de licitación**.

Seguidamente procédese a apertura do sobre C das restantes empresas licitadoras arroxando o seguinte resultado:

- QUATTRO INDUSTRIA DESTILADORA DE CREATIVIDAD PUBLICITARIA S.L., propón como prezo do contrato a cantidade de 186.000,00 euros, máis o 21% de IVE, 39.060,00 euros, o que fai un total de 225.060,00 euros.

Ofertando a maiores:

Méritos do coordinador de equipo a maiores dos mínimos: 4 CAMPAÑAS.  
Boletíns suplementarios: 0.  
Incremento exemplares impresos boletíns: 250 EXEMPLARES.  
Folletos suplementarios: 0.  
Incremento exemplares impresos folletos: 400 EXEMPLARES.  
Libros: 400 EXEMPLARES.  
Publicidade: 2 PUBLIRREPORTAXES E 18 CUÑAS DE RADIO.  
Paneis: 4.  
Eventos: 6 ACTOS DE BARRIO.  
Relatores congreso: 0.

- GALICIA COMUNICACIÓN GYC S.L., propón como prezo do contrato a cantidade de 179.800,00 euros, máis o 21 % de IVE, 37.758,00 euros, o que fai un total de 217.558,00 euros.

Ofertando a maiores:

Méritos do coordinador de equipo a maiores dos mínimos: 4 CAMPAÑAS.  
Boletíns suplementarios: 0.  
Incremento exemplares impresos boletíns: 250 EXEMPLARES.  
Folletos suplementarios: 5.

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/mb

Refª: Acta SOBRE C

Asunto: acta sobre c

Incremento exemplares impresos folletos: 400 EXEMPLARES.

Libros: 400 EXEMPLARES.

Publicidade: 20 CUÑAS DE RADIO.

Paneis: 4.

Eventos: 4 ACTOS DE BARRIO E 2 CONCURSOS.

Relatores congreso: 4.

A vista de ditas ofertas elabórase a táboa de puntuacións do sobre C:

Mercantil	Oferta económica	Méritos maiores do coordinador de Equipo.	Melloras	Total
Quattro Destiladora De Creatividad Publicitaria S.L.	22,87	12,00	19,00	53,87
Galicia Comunicación GYC S.L.	33,00	12,00	24,00	69,00

Puntuación total sobre B e C:



Mercantil	Puntuación sobre B Criterios non avaliados automaticamente.	Puntuación sobre C, criterios avaliados automaticamente.	Totais
Quattro Destiladora De Creatividad Publicitaria S.L.	27,00	53,87	80,87
Galicia Comunicación GYC S.L.	28,00	69,00	97

A Mesa de Contratación acorda polo tanto propoñer, como oferta máis vantaxosa, a selección da empresa GALICIA COMUNICACIÓN GYC S.L., para a execución do contrato de **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE TRABALLOS DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DO PROXECTO LIFE14 CCA/ES/000489 LUGO+BIODINÁMICO. PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA** COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE O INSTRUMENTO

**FINANCEIRO LIFE 2010-2020 (ACCIÓNS A2, E1, E2, E3, E4 e E5).EXPTÉ  
REF. 4-2018.**


Sen mais que manifestar, conclúese co asunto ás 13:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.

A SECRETARIA



Asdo.: Ana Tabares Martínez.

